



1º de MAIO: UNIR AS LOITAS POLA DIGNIDADE

De novo 1º de Maio, o día en que conmemoramos séculos de loita da clase traballadora, de loita das persoas humildes e decentes por cambiar as súas condicións de vida e as dos seus fillos/as. Centos de anos intentando transformar e transformando unha sociedade profundamente inxusta na que unha minoría ten acceso á riqueza ilimitada mentres que a maioría sofre para obter uns mínimos que lles permitan sobrevivir.

Cada paso avanzado fíxose sobre o sacrificio e o compromiso de milleiros de persoas anónimas que sacrificaron o seu tempo e as súas vidas en aras de construír unha sociedade máis humana, máis xusta, máis libre e, en definitiva, máis digna.

Vivimos tempos difíciles, as condicións de vida das clases máis desfavorecidas deteríoráanse cada día, o desemprego e a exclusión golpean con dureza, milleiros de familias viven sen sustento, abandonadas polos poderes públicos, expulsadas das súas vivendas, dos seus traballos e dos seus pequenos negocios e cada vez con menos coberturas sociais.

O sistema político está secuestrado polo poder económico, de tal xeito que é difícil distinguilos, ambos son parte dunha realidade opresiva. O cerco de seguridade que rodea o Congreso dos Deputados é toda unha metáfora de como o que tería que ser a casa do pobo está pechada baixo sete chaves para evitar que o pobo acceda a ela.

Cada día repítennos que a economía vai mellor... Para quen? ¿Para as persoas sen emprego e sen perspectivas de conseguilo?, ¿para as mozas e os mozos cuxa perspectiva de mellora sitúase lonxe das súas casas e das súas familias, en terra allea?, ¿para millóns de traballadores e traballadoras precarizados con salarios míseros?, ¿para os pensionistas que cada día pagan por máis servizos esenciais, ven recortadas as súas pensións e manteñen as familias dos seus fillos?, ¿para as persoas dependentes e os enfermos crónicos que están sendo abandonados á súa sorte?, ¿para as persoas de fóra que son tiroteadas e contidas con coitelas asasinas? ¿ou para as mulleres dobremente discriminadas e maltratadas por unha sociedade patriarcal que non lles permite decidir sobre o seu propio corpo?

Os dereitos democráticos recórtanse sen vergoña, con leis mordaza, con ataques á liberdade de expresión, coa supresión da xustiza gratuíta e co desprezo institucional á iniciativa popular promovida pola PAH co obxectivo de resolver de forma xusta o drama dos desafuzamentos. Tamén padecemos a imposición dun modelo neocentralista e excluínste que uniformiza e impide o dereito a decidir das diferentes realidades nacionais que conviven no Estado.

E ademais pretenden convencernos de que este é o futuro posíbel e que nós somos culpábeis. Queren tamén arrebatarnos a dignidade. Pero non poden, non poderán, o proceso de empoderamento do pobo é imparábel.

A forza da dignidade inundou como unha xigantesca onda as rúas de Madrid o pasado 22M, unha onda masiva, plural e pacífica, mal que lles pese, unha onda de mozas, *yayoflautas*, persoas traballadoras, estudantes... Unha onda superadora de modelos clásicos periclitados, unha onda vital capaz de ser a orixe dun novo camiño, dun novo modelo, onde a decencia, a xustiza, a liberdade e a solidariedade enterren un presente que nos afoga pero que non nos impide seguir cara adiante. As Marchas da Dignidade do 22M son o camiño, un camiño difícil e complexo, pero imparábel, son a enerxía que necesitamos, son A FORZA DA DIGNIDADE.

Viva o 1º de Maio !!